

# Conservatorio Superior de Música A Coruña

## COLOQUIO

Con  
**DARÍO MARIÑO VARELA**  
(CLARINETISTA)

DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA Á INTERPRETACIÓN ORQUESTRAL.  
Unha historia de superación, preparación de probas e alcance de metas.

Mércores 1 de abril do 2020 ás 12.30 horas  
Auditorio Andrés Gaos, Conservatorio Superior de Música da Coruña  
Acceso libre ata completar capacidade para todo tipo de público

Darío Mariño Varela estuda no Conservatorio Superior de Música da Coruña con José María Belló e Carlos Casadó e na Hochschule für Musik 'Hanns Eisler' de Berlín con Karl-Heinz Steffens e Wenzel Fuchs  
Completa a súa formación na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia con Manuel Juan, na Orquestra Escola da Sinfónica de Galicia e na Academia Progreso Musical de Madrid con Vicent Alberola, na Gustav Mahler Akademie de Bolzano, Italia con Gerhald Pachinger, no Festival Internacional de Música de Santander con Karl-Heinz Steffens, no Zermatt Festival, Suíza co Scharoun Ensemble e no Pacific Music Festival (PMF), Xapón con Peter Schmidl, Manfred Preis e Ricardo Morales  
Durante a súa etapa formativa ten o seu primeiro contacto coa orquestra, colaborando coa Orquestra Sinfónica de Galicia e sendo membro da JONDE e primeiro clarinete da Gustav Mahler Jugendorchester, onde ten a posibilidade de traballar intensamente con Claudio Abbado  
Entre 2010 e 2012 foi academista da Karajan Akademie na Filharmónica de Berlín e dende entón colabora como primeiro clarinete con orquestras como a Filharmónica de Berlín, a Mahler Chamber Orchestra, a Deutsche Kammerphilharmonie Bremen, diversas orquestras de Radio alemáns como a DSO e RSB Berlin, a SWR Stuttgart, a NDR Elbphilharmonie Hamburg, a WDR Köln e a HR Frankfurt e no campo da ópera colabora coa Deutsche Oper Berlin, o Nationaltheater Mannheim, a Kammersche Oper Berlin e o Gran Teatro do Liceo en Barcelona  
Como músico de cámara fundou o Natalia Ensemble, o Trio Hanns Eisler e o Berliner Nonett e colabora con músicos como Leif Olev Andnes, Amihai Grosz, Guy Braunstein, John Corigliano, Anne LeBozec, Cuarteto Quiroga, Alain Meunier, Paul Rivinius, Scharoun Ensemble, Maurice Bourgue, Radovan Vlatkovic e Klaus Thunemann  
No ámbito solista, gañou en 2008 o 1. Premio e Medalla de ouro no concurso de solistas do Primeiro Palau de Barcelona, interpretando e gravando dende entón os concertos para clarinete de Mozart, Weber, Shaw e Copland  
Apaixoado da pedagogía, ensina en Masterclasses tanto de clarinete como de música de cámara e orquestra a través de Seminarios co Natalia Ensemble - redución de partituras de gran orquestración para ensembles pequenos sin director -, e preparacións de orquestras coma a Theater Jugendorchester Kassel, a Orquestra Xove de Andalucía (OJA) ou a JONDE  
Darío foi solista de clarinete da Konzerthausorchester Berlin e actualmente desempeña ese mesmo rol no Staatstheater Kassel, Alemaña e no Gran Teatro do Liceo, Barcelona



Conservatorio Superior de Música  
Manuel Murguía, 44  
15011 A Coruña

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Patrocina



[csmcoruna.com](http://csmcoruna.com)

Fotografía: Paco Amate